

## COSTA DA MORTE AL DÍA

Ángel Palmou / redac.carballo@lavoz.es

## Hemeroteca Hai 27 anos



A reparación demorouse máis de 3 anos. J. M. CASAL

## Unha riada ameazou séculos de historia en Brandomil

17 de decembro

1989

XOSÉ MARÍA LEMA

Hai 27 anos unha grande inundación no río Xallas derubaba o arco central da Ponte Vella de Brandomil. De milagre mantivéronse en pé os arcos laterais e púidose restaurar, aínda que houbo que esperar a 1993. Sería unha gran perda a desaparición da ponte máis antiga e fermosa da Costa da Morte. Aínda que os técnicos pensan que a súa fábrica non é anterior ó século XVI, ninguén cuestiona a súa orixe na época romana, pois era paso obrigado da vía XX do Itinerario de Antonino (século II) máis próxima ao mar que unía as cidades galaicorromanas de Braga e Astorga. En Brandomil atopábase a mansión Grandimirum (para outros a Claudionerium).

Na Idade Media a ponte de Brandomil é citada nun documento de 1286, e na Moderna non falta nos mapas xerais de Galicia máis antigos. É lóxico, pois os arqueólogos xa constataban un ramal da vía XX que desde Brandomil se dirixía cara á zona do Promontorio Nerio. Cando se xeneralizaron as peregrinacións xacobeanas, non hai dúbida de que esta ponte lles serviu de paso a moitos peregrinos, xa aos que continuaban o camiño cara a Muxía e Fisterra, xa

aos que desembarcaban nalgún pequeno porto da ría de Camariñas, aínda que destes non haxa moita constancia documental: a Elisa Ferreira, na súa obra sobre o comercio marítimo galego medieval (1988), non lle constaban nin en Muxía nin en Fisterra. Aínda así, en 1990 publicamos un artigo na revista *Compostellanum* co título *Indicios dunha posible ruta xacobea pola Terra de Soneira*. O que si recoñecía Ferreira, experta nos camiños medievais, era a antigüidade do vieiro por Brandomil á Ponte do Porto e a Muxía.

Mágoa que cando a finais dos anos 90 se recuperou o Camiño a Fisterra coa prolongación a Muxía, non se promoveuse para a volta o camiño máis recto e, sen dúbida, o máis antigo; o dos tres b: Berdoias, Bañas e Bañas. Que, ademais, contaba con tres mosteiros no seu curso: Moraime, Ozón e Bañas. Hoxe asociacións soneirás, xalleiras e barcalesas xuntan documentación para que se recoñeza oficialmente o Camiño a Muxía, que para nada estorba —senón que complementa— o de Fisterra.

Desde antes do século XV tamén hai datos documentados do paso de peregrinos pola antiga ponte de Brandomil, o seu punto neuráxico. Beizón ó santo que fixo que as súas arcadas laterais se mantivesen ergueitas, case por un fio, o día daquel «iduíro» do mes de Nadal de 1989.

## Vida social

## Nuevo reconocimiento a Ángel Carracedo en la comarca.

La cercanía y la sabiduría de la que siempre hace gala el prestigioso genetista xalleiro han vuelto a tener recompensa en la comarca en forma de homenaje. Esta vez han sido los responsables del IES Urbano Lugrís, de Malpica, los que le han mostrado bautizando con su nombre el laboratorio del centro. El propio Ángel Carracedo descubrió la placa ayer en un acto en el que estuvo acompañado por alumnos, docentes y el alcalde, Eduardo Parga.

FOTO JOSÉ MANUEL CASAL



## Inauguración del local de Afiprod en Vimianzo.

La Asociación de Profesionales de Desenvolvemento Local de Galicia (Afiprod), que preside María Dolores Pena, inauguró ayer su local en Señorás (Vimianzo) con la apertura de unas jornadas monográficas, cuyo grueso de actividades se desarrollará durante toda la jornada de hoy. En el acto inaugural participaron la secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca, y los ediles Marta Rey de Vimianzo y Gregorio Agis de Poio.

FOTO JOSÉ MANUEL CASAL

## Teoría y práctica del turismo en Laxe.

El concejo de Laxe se convirtió ayer en un gran aula para acoger una actividad de los alumnos de cuarto curso de la Escola Universitaria de Turismo da Coruña. Visitaron, acompañados por el edil Xosé Manuel Pose Lema, el Museo do Mar de la localidad, para conocer el modelo turístico, y participar en una charla coloquio sobre el marco institucional y jurídico de los municipios que gozan de esa consideración. Por la tarde visitaron otros lugares de interés de Laxe.

FOTO JOSÉ MANUEL CASAL



Comidas para grupos.  
Menús personalizados  
festas do Nadal.

Comedor reservado.  
Tlf. Reservas: 606 866 410  
A Piroja 45 - Baio

